# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE AULA

# HISTORIA DA FILOSOFÍA 2º DE BACHARELATO

**IES PLURILINGÜE ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ**

**DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA**

**A ESTRADA, PONTEVEDRA**

**CURSO: 2021/2022**

**ÍNDICE XERAL**


1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN. MARCO LEGAL....................2

1.1. INTRODUCIÓN....................2

1.2. CONTEXTUALIZACIÓN....................3

1.3. MARCO NORMATIVO E LEXISLACIÓN APLICABLE....................4

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE....................6

3. OBXECTIVOS DE ETAPA E DA HISTORIA DA FILOSOFÍA....................8

4. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN....................10

5. METODOLOXÍA....................10

6. RELACIÓN OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS, ESTÁNDARES, COMPETENCIAS, GRAOS DE CONSECUCIÓN E PESO NA AVALIACIÓN....................14

7. UNIDADES DIDÁCTICAS....................16

UNIDADE 1. AS ORIXES DA FILOSOFÍA. O ARCHÉ PRESOCRÁTICO, OS SOFISTAS E SÓCRATES. A FILOSOFÍA DE PLATÓN....................18

UNIDADE 2. ARISTÓTELES....................22

UNIDADE 3. A FILOSOFÍA HELENÍSTICA....................24

UNIDADE 4. FILOSOFÍA MEDIEVAL E CRISTIANISMO. S. AGOSTIÑO DE HIPONA Y STO. TOMÉ DE AQUINO....................26

UNIDADE 5. A CRISE DA ESCOLÁSTICA NO S. XIV. O NOMINALISMO DE OCKHAM....................29

UNIDADE 6. RENACEMENTO E REFORMA. O AVANCE CIENTÍFICO DE F. BACON E O REALISMO POLÍTICO DE MAQUIAVELO....................31

UNIDADE 7. O RACIONALISMO DE DESCARTES....................34

UNIDADE 8. O EMPIRISMO DE LOCKE E HUME....................35

UNIDADE 9. A ILUSTRACIÓN FRANCESA. ROUSSEAU....................38

UNIDADE 10. O IDEALISMO TRANSCENDENTAL E O FORMALISMO MORAL DE KANT....................40

UNIDADE 11. O MATERIALISMO DE MARX....................42

UNIDADE 12. O VITALISMO DE NIETZSCHE....................45

UNIDADE 13. FILOSOFÍA ESPAÑOLA. O RACIOVITALISMO DE ORTEGA & GASSET ........ 47

UNIDADE 14. RAZÓN CRÍTICA E ESCOLA DE FRANKFURT. HABERMAS E O INTERESE DO COÑECEMENTO ........ 49

UNIDADE 15. A POSTMODERNIDADE. O PENSAMENTO DE VATTIMO, LYOTARD E BAUDRILLARD ........ 5

2

8. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN ........ 54

8.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN ........ 54

8.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (AVALIACIÓN ORDINARIA) ........ 56

8.3. AVALIACIÓN INICIAL ........ 56

8.4. AVALIACIÓN FINAL ........ 56

8.5. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE XUÑO ........ 57

8.6. AVALIACIÓN DE PENDENTES ........ 57

8.7. AVALIACIÓN DO PROCESO E A PRÁCTICA DOCENTE E DA PROGRAMACIÓN ........ 57

9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E MEDIDAS A IMPLEMENTAR ........ 61

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ........ 64

11. MEDIDAS PARA A DINAMIZACIÓN DA AULA E DO CENTRO ........ 64

## 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN. MARCO LEGAL

### 1.1. INTRODUCIÓN

A programación didáctica de aula para Historia da Filosofía que aquí se presenta, recolle e profundiza nos obxectivos fundamentais desta materia no bacharelato que inciden na consecución da axeitada comprensión do significado e a trascendencia das cuestións que ocuparon a labor especulativa da filosofía ao longo da súa historia contextualizándoas e vinculándoas en todo momento ás demais manifestacións da actividade humana. Unha actividade que trata de apreciar e destacar a labor da razón como facultade de análise e profundización na definición do ser humano e na regulación da acción humana individual e colectiva a través do coñecemento e análise das principais teorías éticas

e das diversas teorías da sociedade, o Estado e a cidadanía como resultado dos compromisos cívicos asumidos a partir da reflexión ética.

Reflexión que debe incidir, á sua vez, na consecución de obxectivos pedagóxicos de especial relevancia aportando ao alumno/a as destrezas necesarias para unha lectura comprensiva e crítica dos principais textos filosóficos dos distintos autores comparándoos e valorando a importancia do diálogo racional como medio de problematización e aproximación aos conceptos centrais do pensamento humano como o coñecemento, a verdade, a virtude e os fundamentos éticos e políticos así como os referentes para poder postular as claves de interpretación da nosa cultura, as claves de interpretación do presente e o futuro da humanidade.

O alumnado analizará teorías filosóficas e comprenderá como estas teorías teñen que ver coas súas vidas, de maneira que a filosofía se converta nunha ferramenta non só útil para ampliar coñecementos, senón para pensar activamente, discutir e intervir expresando as súas ideas de maneira argumentada. O pensamento é máis activo e esta máis motivado cando as temáticas son significativas para a vida do alumnado. A materia preséntase en continuidade ca Filosofía cursada anteriormente, aproximándose á filosofía dende a perspectiva histórica.

**1.2. CONTEXTUALIZACIÓN**

O I. E. S. Plurilingüe Antón Losada Diéguez de A Estrada (Pontevedra) está situado na zona escolar e deportiva da poboación, a 1,5 Km. do casco urbano entre outros dos centros académicos que ten tamén o pobo: o I. E. S. nº 1 de A Estrada e o I. E. S. Manuel García Barros.

Neste centro impártense os estudos de ESO, Formación Profesional Básica, Bacharelato e Ciclos Formativos de grao medio e superior. Asemade impártese Ensinanza de Adultos (Presencial e Semipresencial); ESO de adultos (ESA) e Bacharelato Semipresencial.

Dende o curso 2008/2009 funciona como Sección da Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra.

O Claustro do centro está formado por arredor de 70 profesores a meirande parte deles con destino definitivo.

Unha parte dos alumnos que cursan estudios no IES Antón Losada Diéguez (aproximadamente un 40 %) é de procedencia rural, parroquias de: Lagartóns, Cereixo, Vinseiro, Moreira, Aguións,

Paradela, Ribeira, Somoza, Ouzande, Guimarei, Toedo, Matalobos, Santeles., o resto reside no casco urbano de A Estrada. A lingua vehicular da maior parte do  alumnado é o galego aínda que con unha boa competencia en lingua castelá. De tódolos xeitos fóra do ámbito escolar apenas desenvolven a lectura e a escritura (nin en galego nin en castelán), ocupando o seu tempo de lecer en ve-la televisión, andar co móbil (teléfono), internet,... e ás veces, axudar na casa. Hai que salientar o labor do equipo da biblioteca e do clube de lectura do centro na promoción da lectura a través de diversas actividades que se organizan no centro.

A situación socio-laboral da maioría da poboación leva a que boa parte do alumnado pase moito tempo no centro e nas zonas deportivas lonxe da supervisión parental, xa sexa no horario lectivo ou fóra del en actividades extreaescolares organizadas polo centro e polas asociacións deportivas. Isto inflúe no rendemento académico do alumnado xa que pola dificultade da conciliación familiar non teñen todo o apoio e supervisión na realización das tarefas que sería desexable para un mellor aproveitamento dos seus estudos.

Como en moitas outros pequenos concellos do interior de Galicia, aínda gran parte das familias están compostas por varias xeracións que conviven no mesmo domicilio: pais dos alumnos, avós, fillos e ás veces xunto con outros membros consanguíneos ou afíns da familia. Todos eles, en moitos casos, colaboran nas tarefas diarias do mantemento de explotacións agropecuarias, aínda que cada vez máis, algún membro da familia compatibiliza esta axuda cun traballo fóra do sector primario. Cabe destacar un incremento das actividades dentro do sector terciario como consecuencia do desmantelamento de moitas agrupacións agropecuarias na comarca.

Todas as aulas encóntranse  informatizadas dispoñendo de ordenador, canón, e taboleiro dixital.

O recinto educativo consta de tres edificios independentes rodeados de unha ampla zona verde axardinada, aparcamento e dúas pistas deportivas.

O edificio central consta de tres plantas, na planta baixa sitúanse a Secretaría, Conserxería, Dirección, Xefatura de Estudos, Departamento de Orientación, Sala de profesores, Sala de pais, Biblioteca, dúas aulas do Ciclo de Informática e o seu respectivo departamento, Cafetería e por último un amplo Salón de Actos.

Na planta primeira encóntranse as aulas de: Informática da ESO, Reforzo, Debuxo, Matemáticas, Inglés, Lingua (castelá e galega) e un par de aulas xenéricas, isto na ala dereita e logo na esquerda están os Talleres de Electrónica co seu departamento respectivo, Laboratorio de Física e a aula de Tecnoloxía da ESO.

Na segunda planta e na ala dereita encontramos: tres aulas xenéricas, dúas aulas onde se imparten o programa Plan de Mellora, a aula de Música, e zona de departamentos de diversas materias. Na ala esquerda atopamos o Laboratorio de Ciencias, a aula de Historia e tres aulas onde se imparten os respectivos ciclos de Administrativo.

Na parte esquerda do edificio central atópase outra edificación onde se aloxa o ximnasio coas súas respectivas instalacións. Na parte dereita, e comunicándose por un patio cuberto, atópase a terceira edificación que contén as aulas e talleres onde se imparte o ciclo de automoción.

## 3. MARCO NORMATIVO E LEXISLACIÓN APLICABLE

■ **Lei Orgánica 2/2006**, de 3 de maio, de Educación (LOE) modificada pola **Lei Orgánica 8/2013**, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).

■ **Real Decreto 310/2016** de 29 de xullo polo que se regulan as avaliación finais da ESO e o Bacharelato. (BOE 30 de xullo). PDF (modificado polo Real Decreto-lei 5/2016)

■ **Real Decreto 5/2016**, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (BOE. Sábado 10 de decembro do 2016).

■ **Decreto 324/1996** polo que se aproba o regulamento orgánico dos IES. (Compl) Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996.

■ **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que establécese o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29 de xuño 2015).

■ **Resolución do 27 de xullo de 2015**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que dítanse instrucións no curso académico 2015/2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

■ **Resolución do 19 de abril de 2018** pola que se nomean os membros da Comisión Interuniversitaria de Galicia e se publican os parámetros de ponderación das materias troncais de modalidade e das materias de opción da proba de avaliación do bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema universitario de Galicia para o curso 2018/19.

■ **Resolución do 11 de febreiro de 2019**, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2018/19, da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) para o curso 2019/20.

■ **Orde do 22 de abril de 2010**, pola que se establece o procedemento que cómpre seguir nas reclamacións das cualificacións outorgadas no segundo curso do bacharelato establecido na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, para o curso 2017/2018.

■ **Orde ECD/65/2015**, de 21 de xaneiro, pola que descríbense as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria ou bacharelato.

■ **Orde ECD/42/2018**, de 25 de xaneiro, pola que determínanse as características, o deseño e o contido da avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade, as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas, para o curso 2017/2018.

■ **Orde do 19 de abril do 2018** pola que se regulan aspectos relativos á organización das materias do bacharelato establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, para os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (HF obrigatoria nas modalidades de CCs Sociais e Letras).

■ **Orde PCI/12/2019**, de 14 de xaneiro, pola que se determinan as características, o deseño e o contido da avaliación do Bacharelato para o acceso á Universidade e as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas no curso 2018-2019 (versión en castelán á espera da súa tradución no BOE).

■ **Orde do 20 de xuño de 2019** pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019-2020 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

■ **Circular nº 2/2019**, que desenvolve a **Orde do 22 de abril de 2010**, pola que se establece o procedemento que cómpre seguir nas reclamacións das cualificacións outorgadas no segundo curso do Bacharelato establecido na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, para o curso 2018/2019.

- **Orden EFP/365/2020, de 22 de abril**, por la que se establecen el marco y las directrices de actuación para el tercer trimestre del curso 2019-2020 y el inicio del curso 2020-2021, ante la situación de crisis ocasionada por el COVID-19.

## 2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A materia Historia da Filosofía realiza achegas a todas as competencias clave contempladas como coñecemento na practica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en practicas sociais que, como tales, pódense desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais.

A materia contribúe á adquisición de múltiples destrezas vinculadas á competencia en comunicación lingüística (**CCL**) debido a súa propia natureza discursiva e deliberativa a través do diálogo nas aulas, os debates, os traballos de investigación e demais actividades que requiren da súa expresión oral e escrita. Así como por ensinar a importancia de convencer a través do diálogo.

A participación ao desenvolvemento da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (**CMCT**), ten que ver, en primeiro termo, co acercamento da materia aos modelos xerais de interpretación da realidade, do coñecemento ou do ser humano que enmarcaron, orientado e determinado a actividade científica e tecnolóxica ao longo da historia. Así como a promover elementos esenciais da actividade científica tales como o rigor argumentativo. Tamén axuda a reflexionar dende a moral en torno a práctica científica e a experimentación.

As achegas á competencia dixital (**CD**) céntranse na realización de traballos de investigación nos que teñen que aprender a comparar a seleccionar información na rede, así como no uso da aula virtual para acceder aos recursos en liña da materia e no uso do foro da aula virtual. Ademais, e dada a natureza esencial da Historia da Filosofía como saber critico, promove o desenvolvemento de

actitudes e valores para a análise racional das tecnoloxías e os medios tecnolóxicos como axentes transformadores da vida individual e das relacións sociais, os riscos e as oportunidades.

A competencia aprender a aprender (**CAA**) esta esencialmente vinculada coas habilidades para iniciar, organizar e persistir no aprendizaxe. Desta maneira a materia contribúe ás destrezas de autorregulación e control do proceso de aprendizaxe, tanto a escala individual como grupal, por exemplo ao planificar o estudo dos exames e a elaboración dos traballos de investigación.

A materia Historia da Filosofía contribúe decisivamente á adquisición das competencias sociais e cívicas (**CSC**), en tanto realiza achegas esenciais para o coñecemento das teorías acerca da ética, a sociedade e o Estado, capacita para o análise crítico do seu funcionamento e favorece actitudes e valores de participación cívica, responsabilidade co colectivo e compromiso na transformación e mellora do entorno social, político, cultural e medioambiental. Así, por exemplo, co obxectivo de capacitar ao alumnado para o análise crítico do seu entorno social e político máis inmediato, a materia aborda cuestións relativas ás principais teorías éticas e políticas, a orixe do Estado e á lexitimación do poder, entre outros temas. Asimesmo, estimúlanse actitudes de tolerancia, respecto á diversidade, aprecio dos valores democráticos como soportes imprescindibles da convivencia, e de participación activa, responsabilidade e compromiso na transformación social na dirección dos valores de igualdade, xustiza e liberdade.

A participación da materia na mellora de certas capacidades vinculadas á competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor (**SIEE**) concrétase nas finalidades e as practicas máis xerais da materia que alimenta destrezas básicas para o emprendemento, como a capacidade de análise, o pensamento critico, a planificación do traballo individual e grupal e a creatividade.

Por ultimo, a materia participa na adquisición da competencia conciencia e expresións culturais (**CEC**) aportando, en primeiro lugar, coñecementos da herdanza cultural referidos, así como o coñecemento da diversidade cultural en valores, leis e costumes. Simultaneamente, procúrase que o alumnado afonde no recoñecemento dos marcos ideolóxicos xerais de interpretación da natureza, do ser humano e da sociedade, que, en contacto cos contextos históricos respectivos, foron sucedéndose ao longo do tempo e fan intelixible a historia das ideas e culturas.

### 3. OBXECTIVOS DE ETAPA E DA HISTORIA DE FILOSOFÍA

OBXECTIVOS DE ETAPA recollidos no artigo 26 do Decreto 86/2015 no marco da LOMCE:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade; b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais; c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade; d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá. f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras; g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación; h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social; i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida; l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego; m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico; n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural; ñ) Utilizar a educación física e o

deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables; o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria; p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

OBXECTIVOS DA HISTORIA DA FILOSOFÍA:

En canto aos obxectivos específicos da materia de Historia da Filosofía: 1. Recoñecer e comprender o significado e a transcendencia das cuestións que ocuparon permanentemente á filosofía, situándoas adecuadamente no contexto de cada época, entendendo a súa vinculación con outras manifestacións da actividade humana e valorando a capacidade de reflexión persoal e colectiva para achegarse a problemas filosóficos, éticos, sociais e humanísticos. 2. Ler de modo comprensivo e crítico textos filosóficos de distintos autores, comparalos e valorar a importancia do diálogo racional como medio de aproximación á verdade. 3. Desenvolver e consolidar unha actitude crítica ante opinións contrapostas a partir da comprensión da relación que se dá entre teorías e correntes filosóficas que se sucederon ó longo da historia, analizando as semellanzas e diferenzas no modo de presentar os problemas e solucións propostas. 4. Coñecer e valorar diversos métodos de coñecemento e investigación para construír un método persoal de elaboración de coñecemento e de auto-aprendizaxe, baseado no rigor intelectual na análise dos problemas, a libre expresión das ideas e o diálogo racional fronte a toda forma de dogmatismo. 5. Expoñer correctamente, de modo oral e escrito, o pensamento filosófico dos autores estudados e tomar conciencia de que un punto de vista persoal e coherente só pode acadarse a través da análise e a comprensión das ideas máis relevantes do noso acervo cultural, aínda das máis dispares e antagónicas. 6. Apreciar a capacidade da razón para regular a acción humana individual e colectiva a través do coñecemento e análise das principais teorías éticas e das diversas teorías da sociedade, o Estado e a cidadanía elaboradas ó longo da historia, e consolidar a propia competencia social e cidadá como resultado dos compromisos cívicos asumidos a partir da reflexión ética. 7. Enxuizar criticamente as conceptualizacións de carácter excluínte ou discriminatorio que formaron parte do discurso filosófico, como o antropocentrismo, o etnocentrismo ou outras.

## 4. SECUENCIACIÓN E TEMPORIZACIÓN

Establécese un total de 15 UD cunha secuenciación e temporización que estará suxeita ás modificacións que decida introducir o docente. Por tanto, con carácter xeral e a modo orientativo, propónse esta secuenciación e temporización:

| BLOQUES / UNIDADE DIDÁCTICA / Nº de SESIÓNS / TEMPORALIZACIÓN (AVALIACIÓN) | | | |
|---|---|---|---|
| Presentación da materia de HF e avaliación inicial nas primeiras dúas sesións do curso | | | |
| B2. Filosofía Antiga | U1. As orixes da filosofía. O arché presocrático, os sofistas e Sócrates. A filosofía de Platón | 9 s. | **1ª AV. Set. - Nov.** |
| | U2. Aristóteles. | 9 s. | |
| | U3. A filosofía helenística. | 5 s. | |
| B3. Filosofía Medieval | U4. Filosofía medieval e cristianismo. S. Agostiño de Hipona e Sto. Tomé de Aquino | 6 s. | |
| | U5. A crise da escolástica no S.XIV. O nominalismo de Ockham. | 5 s. | |
| B4. Filosofía Moderna | U6. Renacemento e Reforma. O avance científico de F. Bacon e o realismo político de Maquiavelo. | 6 s. | **2ª AV. Dec. - Feb.** |
| | U7. O racionalismo de Descartes. | 7 s. | |
| | U8. O empirismo de Locke e Hume. | 7 s. | |
| | U9. A ilustración francesa. Rousseau. | 5 s. | |
| | U10. O idealismo transcendental e o formalismo moral de Kant | 9 s. | |
| B5. Filosofía Contem-poránea | U11. O materialismo de Marx. | 7 s. | **3ª AV. Mar. - Maio** |
| | U12. O vitalismo de Nietzsche. | 7 s. | |
| | U13. Filosofía española. O raciovitalismo de Ortega y Gasset. | 7 s. | |
| | U14. Razón crítica e Escola de Frankfurt. Habermas e o interese do coñecemento. | 7 s. | |
| | U15. A postmodernidade. O pensamento de Vattimo, Lyotard e Baudrillard. | 5 s. | |

| |
|---|
| Avaliación final e avaliación do proceso e da práctica docente nas dúas últimas sesións do curso |

## 5. METODOLOXÍA

A metodoloxía didáctica no Bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de comentario e análise de texto, definición conceptual e, ademais, tamén debe establecer a relación dos aspectos teóricos das materias tanto ca vida cotiá como con outras materias. A finalidade propedéutica e orientadora da etapa que sinala a ORDE EDU/363/2015, de 4 de maio, esixe que o traballo se realice con metodoloxías específicas e que estas comporten un importante grao de rigor científico e de desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas e explicativas)

**CRITERIOS METODOLÓXICOS**. En relación co exposto, esta proposta didáctica de Historia da Filosofía elaborouse de acordo cos **criterios metodolóxicos** seguintes: a) Adaptación ás características do alumnado de 2º de Bacharelato, ofrecendo actividades diversificadas de acordo coas capacidades intelectuais propias da etapa. b) Autonomía: facilitar a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo. c) Actividade: fomentar a participación do alumnado na dinámica xeral da aula, combinando estratexias que propicien a individualización con outras que fomenten a socialización. d) Motivación: procurar despertar o interese do alumnado polo aprendizaxe que se lle propón. e) Integración e interdisciplinariedade: presentar os contidos con unha estrutura clara, mostrando as relacións entre os contidos de Filosofía e os doutras disciplinas de outras áreas. f) Rigor e desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas e explicativas). g) Variedade na metodoloxía, dado que o alumnado aprende a partir de fórmulas moi diversas. Máis concretamente, debemos ter en conta os **criterios de avaliación transversais** para todo o temario de Historia da Filosofía de 2.º de Bacharelato. Estes **criterios** son os seguintes: 1. Ler de forma comprensiva e analizar de forma crítica textos significativos e breves, pertencentes a pensadores destacados. 2. Argumentar e razoar os propios puntos de vista sobre as temáticas estudadas con claridade e coherencia a través de debates. 3. Seleccionar e sistematizar información obtida de

diversas fontes. 4. Analizar e argumentar sobre as propostas filosóficas elaborando esquemas, mapas conceptuais e demais medios útiles para fixar e consolidar o aprendido.

**ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS**. A forma de conseguir estes obxectivos será a través da utilización de estratexias didácticas como as expositivas, acompañadas de actividades de aplicación como os comentarios de texto (modelo ABAU). Preséntanse ao alumnado ao modo de descubrimento, oralmente ou mediante textos, un coñecemento inicial sobre os conceptos sobre os que vai a traballar ese autor para poder conceptualizar así a base sobre a que sustentar ese pensamento. Resultan adecuadas aquí para as propostas introdutorias e panorámicas e para ensinar feitos y conceptos, a correspondente contextualización precisa dende a que foron elaborados nese momento histórico preciso e o seu maior ou menor concordancia co significado que eses conceptos teñen na actualidade para o alumnado da materia. Polo tanto, resulta moi conveniente que esta estratexia acompáñese da realización de actividades que posibiliten enlazar os novos coñecementos cos que xa posúe. Neste obxectivo teñen un especial protagonismo as estratexias de comentario e análise textual ademais de debates problemáticos nos que debe pór en práctica e utilizar reflexivamente conceptos, procedementos e actitudes para así adquirilos de forma consistente. A utilización destas estratexias está máis relacionado co aprendizaxe de procedementos, aínda que estes levan consigo, a súa vez, a adquisición de conceptos, dado que tratan de pór o alumnado en situacións que fomenten a súa reflexión e poñan en xogo as súas ideas e conceptos. Tamén son moi útiles para o aprendizaxe e o desenvolvemento de hábitos, actitudes e valores. As técnicas didácticas en que poden traducirse estas estratexias son moi diversas. Entre elas destacamos: 1) facer reflexionar o alumnado sobre a complexidade dos problemas humanos e sociais recollidas nos textos por cada autor, sobre o carácter relativo e imperfecto das solucións aportadas por cada un dos autores e sobre a natureza provisional do coñecemento humano; 2) os proxectos de síntese permítenlle ordenar as propostas conceptuais e evidenciar a relación causal entre os mesmos, de maneira que o alumnado poida entender a lóxica de cada autor e a súa comparación con outras propostas formuladas na historia do pensamento.

**ACTIVIDADES DIDÁCTICAS**. Deste modo, nas ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS adoptadas é esencial a realización de actividades por parte do alumnado, posto que cumpren os obxectivos seguintes: a) Afianzan a comprensión dos conceptos e permítenlle ao profesorado comprobalo. b) Son a base para o traballo cos textos e para fomentar as capacidades de comprensión, análise e razoamento. c) Permiten darlles unha dimensión múltiple aos conceptos, percibindo as súas conexións con outras nocións e a súa aplicación a diferentes ámbitos do coñecemento. d) Fomentan actitudes que axudan á formación humana do alumnado. e) Que desenvolven a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, utilizando diversas estratexias. F) Que proporcionen situacións de aprendizaxe que esixan unha intensa actividade mental e leven a reflexionar e a xustificar as afirmacións ou as actuacións. G) Que estean perfectamente relacionadas cos contidos teóricos. H) Que teñan unha formulación clara, para que o alumnado entenda sen dificultade o que debe facer. I) Que sexan variadas e permitan afianzar os conceptos, traballar os procedementos (textos etc), desenvolver actitudes que colaboren na formación humana e atender á diversidade na aula (teñen distinto grao de dificultade). L) que lles dean una proxección práctica aos contidos, aplicando os coñecementos á realidade. M) que sexan motivadoras e conecten cos intereses do alumnado, por referirse a temas actuais ou relacionados co seu medio.

**TIPOS DE ACTIVIDADES**. Sobre a base destes criterios, as actividades programadas responden ás categorías seguintes: actividade inicial, de desenvolvemento e de síntese.

**ORGANIZACIÓN DAS SESIÓNS E ACTIVIDADES POR TIPO DE SESIÓN NAS UDS**

**SESIÓN INICIAL** (primeira sesión de cada unidade). Total duración: 50 minutos

| | |
|---|---|
| Contextualización das principais propostas que caracterizaron ese período que permiten entender os presupostos dende os que pensa o autor. Esta problematización enriquecerase co diálogo e a contraposición de visións a modo de debate aberto e crítico tratando de que emerxan diferentes perspectivas. | 1. Actividade grupo-clase sobre preconceptos (actividade inicial) [10m]<br>2. Contidos [30m]<br>3. Actividade de comprensión conceptual. Debate inicial [10m] |

**SESIÓNS DE DESENVOLVEMENTO** (sesións intermedias). Total duración: 50 minutos

Propóñense actividades de comentarios de textos, actividades de aplicación e reflexión dos contidos teóricos á realidade e ao medio do alumnado. Nestas resultan de especial consideración os cadros sinópticos y mapas mentais que cada alumno debe elaborar seguindo os contidos expostos nesa sesión de exposición.

1. Actividade de recordo grupo - clase sobre contidos expostos e traballados na sesión anterior. [5m]

2. Contidos [30m]

3. Actividade de comprensión conceptual. C. de texto e/ou cadro sinóptico (act. de desenv.).Grupo - clase (Grupo pequeno: 2-3 alumnos/as). [15m]

**SESIÓN DE SÍNTESE** (última sesión ). Total duración: 50 minutos

Trabállase un breve documento audiovisual (selección de un estrato de película ou documental) que ten como finalidade ao mesmo tempo que consolidar os contidos teóricos aprendidos, fomentar a concienciación, o debate, o xuízo crítico, a tolerancia, a solidariedade (ampliando a transversalidade). A corrección das actividades fomenta a participación do alumnado na aula, aclara dúbidas e permite coñecer o grao de asimilación dos conceptos teóricos, o nivel co que manéxanse os procedementos e os hábitos de traballo.

1. Actividade de recordo grupo – clase e comprensión conceptual (Act. Síntese). Cadro sinóptico ou mapa conceptual xeral sobre pensamento do autor ou influencias. (Grupo pequeno: 3 alumnos/as) [15m]

2. Recurso Multimedia [20m]

3. Actividade de síntese (Act. de síntese). Debate en torno aos contidos vinculado ao recurso multimedia [15m].

É importante sinalar que no **punto 7 abórdase a metodoloxía empregada dentro de cada unhas das UD** facendo fincapé en todas as actividades programadas para cada tipo de sesión.

**RECURSOS METODOLÓXICOS**

1. Apuntes e notas de clase. Serán de dous tipos: a) Apuntes e Notas oficiais de desenvolvemento dos contidos, esquemas, gráficos, bibliografía de referencia e ampliación, que serán entregadas polo

profesor. b) Como ampliación e enriquecemento, o profesor entregará materiais e textos que serán, a súa vez, complementados polas seleccións de enriquecemento que aporte o alumnado. Estarán na aula virtual:

https://www.edu.xunta.gal/centros/ieslosadadieguez/aulavirtual2/course/view.php?id=119

2. Libro de texto como manual de apoio (non libro oficial do departamento de filosofía): Historia da Filosofía, Vicens Vives, Galicia, 2016.

3. Documentos e recursos TICs (Powerpoint) para a aula de filosofía que subiranse á Aula Virtual.

4. Páxinas web como Diánoia e o canle de youtube Unboxing Philosophy.

5. Material documental dispoñible no departamento de Filosofía e na Biblioteca.

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS Y EXTRAESCOLARES**. Inclúense no Anexo 1.

## 6. RELACIÓN OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS, ESTÁNDARES, COMPETENCIAS, GRAOS DE CONSECUCIÓN E PESO NA AVALIACIÓN

De seguido explicítanse as relacións con respecto do Bloque 1 "Elementos transversais" que corresponden a todas as UD e cuxos indicadores de logro corresponden a un 30% da avaliación, mentres os de cada UD corresponden o 70% restante .As relacións correspondentes aos 4 bloques restantes están desenvoltas e concretadas no apartado seguinte dentro de cada unha das 15 Unidades Didácticas que conforman esta programación didáctica de aula.

| O. E. | O. U. | CONTIDOS |
|---|---|---|
| B, D<br>E, H<br>G, M | Formar as capacidades básicas de análise e comentarios de textos, debates e traballos de investigación mediante as TICS. | B1.1. O comentario de texto.<br>B1.2. Diálogo filosófico e argumentación<br>B1.3. Ferramentas de aprendizaxe e investigación da filosofía.<br>B1.4. Aplicación das competencias de tecnoloxías da información e da comunicación á historia da filosofía. |

| C. DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|

| | |
|---|---|
| B1.1. Realizar a análise de fragmentos dos textos máis salientables da historia da filosofía, e ser capaz de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas.<br>B1.2. Argumentar con claridade e capacidade crítica, oralmente e por escrito, as súas propias opinións sobre os problemas fundamentais da filosofía, dialogando de xeito razoado con outras posicións diferentes.<br>B1.3. Aplicar adecuadamente as ferramentas e os procedementos do traballo intelectual á aprendizaxe da | § HFB1.1. Comprende o sentido global dos textos máis salientables dos/das autores/as estudados/as, recoñecendo a orde lóxica da argumentación e as formulacións que se defenden, e é quen de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas.  (CCL)<br>§ HFB1.2. Analiza as ideas do texto, identificando a conclusión e os conceptos e as ideas relevantes, e recoñece a súa estrutura e a orde lóxica das súas ideas. (CAA, CCL)<br>§ HFB1.2.1. Argumenta as súas propias opinións con claridade e coherencia, tanto oralmente como por escrito (CCL, CSIEE)<br>§ HFB1.2.2. Utiliza o diálogo racional na defensa das súas opinións, e valora a diversidade de ideas e, á vez, apoiándose nos aspectos comúns. (CSC)<br>§ HFB1.3. Explica as ideas do texto, relacionándoas coa filosofía dos autores e os contidos estudados (CAA, CCL)<br>§ HFB1.3.1. Sintetiza correctamente a filosofía de cada autor/a, mediante resumos dos seus contidos fundamentais, e clasifícaos nos núcleos temáticos que atravesan a historia da filosofía: realidade, coñecemento, ser humano, ética e política. (CAA)<br>§ HFB1.3.2. Elabora listaxes de vocabulario de conceptos, comprende o seu significado, organízaos en esquemas ou mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles para a comprensión da filosofía do autor, e aplícaos con rigor.  (CAA. CCL)<br>§ HFB1.3.3. Selecciona información de distintas fontes, bibliográficas e de internet, e recoñece as fontes fiables. (CD)<br>§ HFB1.3.4. Realiza redaccións ou disertacións, traballos de investigación e proxectos que impliquen un esforzo creativo e unha |

| | |
|---|---|
| filosofía, realizando traballos de organización e investigación dos contidos. | valoración persoal dos problemas filosóficos formulados na historia da filosofía. (CSIEE) |
| B1.4. Utilizar as TICS na realización e na exposición dos traballos de investigación filosófica. | § HFB1.4.1. Utiliza as ferramentas informáticas e da web 2.0. (wikis, blogs, redes sociais, procesador de textos, presentación de diapositivas ou recursos multimedia, etc.) para o desenvolvemento dos traballos. (CD)<br>§ HFB1.4.2. Realiza procuras avanzadas en internet sobre os contidos da investigación, e decide os conceptos adecuados. (CD)<br>§ HFB1.4.3. Colabora en traballos colectivos de investigación sobre os contidos estudados utilizando as TICS. (CD) |

| INDICADORES DE LOGRO | % MIN | % AV |
|---|---|---|
| B1.1. Dá conta con precisión do sentido global dos textos | 80% | 2,5% |
| B1.2. Dá conta das ideas do texto identificando as ideas relevantes e conclusións | 80% | 2,5% |
| B1.2.1. Dá conta das súas opinións argumentando con claridade e coherencia | 80% | 2,5% |
| B1.2.2. Emprega con corrección o diálogo e valora a diversidade de opinións | 80% | 2,5% |
| B1.3. Dá conta con precisión das ideas dos textos, relacionándoas con outros contidos e autores estudados | 80% | 2,5% |
| B1.3.1. Emprega esquemas e resumos para sintetizar a filosofía de cada autor | 80% | 2,5% |
| B1.3.2. Emprega listados de vocabularios de conceptos e demais recursos con rigor | 80% | 2,5% |
| B1.3.3. Emprega e sabe recoñecer distintas fontes fiables de información | 80% | 2,5% |
| B1.3.4. Realiza con corrección diversos traballos e proxectos que impliquen un esforzo creativo e unha valoración persoal dos problemas filosóficos formulados | 80% | 2,5% |
| B1.4.1. Emprega ferramentas informáticas e da web 2.0 para realizar traballos | 80% | 2,5% |

| | | |
|---|---|---|
| B1.4.2. Realiza procuras avanzadas en internet sobre os contidos da investigación | 80% | 2,5% |
| B1.4.3. Colabora en traballos colectivos de investigación e emprega as TICS | 80% | 2,5% |

## 7. UNIDADES DIDÁCTICAS

### UNIDADE 1. AS ORIXES DA FILOSOFÍA. O ARCHÉ PRESOCRÁTICO, OS SOFISTAS E SÓCRATES. A FILOSOFÍA DE PLATÓN

1. RELACIÓN OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS, ESTÁNDARES, COMPETENCIAS, GRAOS DE CONSECUCIÓN E PESO NA AVALIACIÓN

| O. E. | O. U. | CONTIDOS |
|---|---|---|
| B, C, D, E, H | Coñercer a orixe da filosofía no seu contexto histórico, así como a filosofía presocrática, socrática, sofista e platónica. | B2.1. Orixe da filosofía grega. Os presocráticos: resposta á orixe do cosmos.<br>B2.2. Dialéctica socrática.<br>B2.3. Convencionalismo democrático e relativismo dos sofistas<br>B2.4. Platón: ontoloxía e coñecemento; concepción dualista do ser humano; dimensión antropolóxica e política da virtude; o autor e o seu contexto.<br>B2.5. A física de Demócrito. |

| C. DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|
| B2.1. Coñecer a orixe da filosofía en Grecia e comprender o primeiro gran sistema filosófico, o de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción | § HFB2.1.1. Utiliza conceptos de Platón como idea, mundo sensible, mundo intelixible, ben, razón, doxa, episteme, universal, absoluto, dualismo, reminiscencia, transmigración, mímese, methexe, virtude e xustiza, entre outros, e aplícaos con rigor. (CCL)<br>§ HFB2.1.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción |

| | |
|---|---|
| dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude, en relación coa filosofía presocrática e o xiro antropolóxico de Sócrates e os Sofistas, valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Grecia antiga, e apreciando criticamente o seu discurso. | dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude. (CCL)<br>§ HFB2.1.3. Distingue as respostas da corrente presocrática en relación á orixe do Cosmos, os conceptos fundamentais da dialéctica de Sócrates e o convencionalismo democrático e o relativismo moral dos sofistas, identificando os problemas da filosofía antiga, e relacionando esas respostas coas solucións achegadas por Platón. (CAA)<br>§ HFB2.1.4. Respecta o esforzo da filosofía de Platón por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Grecia antiga, valorando positivamente o diálogo como método filosófico, o nacemento das utopías sociais, o sentido do gobernante-filósofo ou a súa defensa da inclusión das mulleres na educación. (CSC) |

| INDICADORES DE LOGRO | % MIN. | % AV. |
|---|---|---|
| .B2.1.1. Utiliza o léxico propio dos principais pensadores gregos con rigor, amosando unha comprensión apropiada do mesmo | 40% | 5% |
| B2.1.2.1. Dá conta con precisión do platonismo: ontoloxía e coñecemento: a teoría platónica das ideas e os graos do coñecemento | 100%[1] | 12,5% |
| B2.1.2. 2. Dá conta con precisión do platonismo: a concepción política: antropoloxía platónica e vinculación da alma á cidade. As virtudes | 100% | 12,5% |
| B2.1.3.1. Dá conta con precisión do pensamento presocrático | 80% | 10% |
| B2.1.3.2. Dá conta con precisión do pensamento sofístico | 80% | 10% |
| B2.1.3.3. Dá conta con precisión do pensamento socrático | 80% | 10% |
| B2.1.3.4. Realiza comparacións entre as diferentes posturas filosóficas gregas | 40% | 5% |

1 Os contidos mínimos son aqueles marcados cun 100% como grao de consecución.

| | | |
|---|---|---|
| B2.1.4. É capaz de establecer unha valoración ponderada da importancia do pensamento grego e en concreto de Platón para a historia da filosofía | 40% | 5% |

2. METODOLOXÍA E PROCEDEMENTOS.

2.1. ACTIVIDADES DE INICIO (comprensión conceptual previa do alumnado)

Definición dos seguintes conceptos: Mito, épica, razón, cosmoloxía, cosmogonía, teogonía, arxé, principio, natureza, aletheia, apofansis, episteme, diálogo, maiéutica, realidade, universal, absoluto, verdade, dualismo, reminiscencia, transmigración, mímesis, mezesis, ser, non-ser, espírito, convención, lei, virtude, xustiza, sociedade, goberno, polis, diálogo, maieútica, ben, ética, política.

2.2. ACTIVIDADES DE DESENVOLVEMENTO.

COMENTARIO DE TEXTO FILOSÓFICO (Modelo ABAU)

-Aecio, I 3, 4; Simplicio. Fís. 24 e Heráclito (En busca da orixe de todas as cousas).

-Platón, Apoloxía de Sócrates, 29c-30a, 39e (Apoloxía de Sócrates).

-Platón, Menón, 81c-82a (Sobre a Teoría do Coñecemento e a Reminiscencia)[2]

-Platón, República, Libro VI, 509c-511e (Sobre o Símil da Liña).

-Platón, República, Libro VII, 514a-517c (Sobre o Mito da Caverna).

-Platón, Fedro, 246a-247c, (Sobre o Mito do Carro Alado).

-Platón, República, Libro IV, 432b-435c (Sobre a Xustiza e o Isomorfismo entre Estado e Alma).

CADROS SINÓPTICOS.

-Cadro de escolas e clasificación de filósofos presocráticos e principios propostos.

-Cadro sobre os principais filósofos sofistas e posturas defendidas.

-Cadro sobre a tª ideas: dualismo ontolóxico e graos de coñecemento. Mito da caverna y da liña.

-Cadro sobre a antropoloxía de Platón. Tipos de alma e funcións.

-Cadro sobre as Virtudes. Correspondencia coa antropoloxía.

-Cadro sobre o concepto de xustiza. Proxección sobre a teoría do Estado.

-Cadro sobre clasificación e valoración dos réximes políticos.

2 Os textos ABAU van marcados en azul e teñen prioridade na súa realización.

2.3. ACTIVIDADES DE SÍNTESE.

-Cadro sinóptico. Influencias e diferenzas entre o pens. Presocrático, Sofista, Sócrates e Platón.

-Visionado dun fragmento de Matrix (25:40-46:40) de Lilly e Lana Wachowski onde formúlase a cuestión da existencia dun mundo verdadeiro máis alá do mundo sensible e a cuestión da aceptación da realidade, e levarase a cabo un debate.

2.4. ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN E PROFUNDIZACIÓN A TRAVÉS DE TICS.

1. A orixe da filosofía. 2. Os sofistas, o relativismo e o multiculturalismo. 3. A morte de Sócrates e a crítica platónica á democracia. 4. O amor platónico. 5. As críticas á República de Platón. 6. Contraposición entre o pensamento mítico e o pensamento racional. Tamén existe a posibilidade de que sexa o alumnado o que propoña un tema que poderá realizar se o autoriza o profesor.

3. TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIALIZACIÓN DE CONTIDOS POR SESIÓNS.

Unidade pertencente á 1ª av. a desenvolver no 1º trimestre dende inicio de curso ata segunda semana de outubro cun total de 9 sesións.

| 1ª Sesión | 2ª S. | 3ª S. | 4ª S. | 5ª S. | 6ª S. | 7ª S. | 8ª S. | 9ª S. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Ctx. Orix. | Presocrá | Sof. Sóc. | Platón. TªC | Antrop. | Virtudes | Xustiza | Política | Síntese |

4. TICS. RECURSOS DIDÁCTICOS.

Filme: MATRIX (25:40-46:40). https://www.lemiaunoir.com/matrix-la-caverna-platon-la-verdadera-realidad/, http://plato.evansville.edu/search/. Ademais das páxinas de recursos xerais.

**UNIDADE 2. ARISTÓTELES**

1. RELACIÓN OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS, ESTÁNDARES, COMPETENCIAS, GRAOS DE CONSECUCIÓN E PESO NA AVALIACIÓN

| O. E. | O. U. | CONTIDOS |
|---|---|---|
| B, | Comprender e valorar a | B2.6. Problemas da filosofía antiga e solución de Aristóteles. |
| D, | doutrina filosófica de | B2.7. A filosofía de Aristóteles |
| E, | Aristóteles no seu marco | B2.7.1. O autor e o seu contexto |
| H | histórico, social e cultural, | B2.7.2. A metafísica aristotélica |

| | |
|---|---|
| tendo en conta as distintas posicións da filosofía grega coas circunstancias políticas, sociais e económicas de aquela sociedade | B2.7.3. A física aristotélica<br>B2.7.4. A teoría do coñecemento aristotélica<br>B2.7.5. A ética eudemonista<br>B2.7.6. A política aristotélica.<br>B2.7.7. Comparación coa filosofía platónica |

| C. DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|
|---|---|
| -B5.2. Comprender o vitalismo de Nietzsche en relación co vitalismo de Schopenhauer, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea. | § HFB5.2.1. Define conceptos de Nietzsche como crítica, traxedia, intuición, metáfora, convención, perspectiva, xenealoxía, transvaloración, nihilismo, superhome, vontade de poder, e eterno retorno, entre outros, e aplícaos con rigor. (CCL)<br>§ HFB5.2.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Nietzsche, considerando a crítica á metafísica, á moral e á ciencia, a verdade como metáfora, e a afirmación do superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, en comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea. (CCL)<br>§ HFB5.2.3. Distingue as respostas de Schopenhauer na súa afirmación da vontade e identifica os problemas da filosofía contemporánea, en relación coas solucións achegadas por Nietzsche. (CEC)<br>§ HFB5.2.4. Estima o esforzo da filosofía de Nietzsche por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora a defensa da verdade e da liberdade. (CSC) |

| INDICADORES DE LOGRO | % MIN. | % AV. |
|---|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| B5.2.1. Utiliza o léxico propio de Nietzsche con rigor, amosando unha comprensión apropiada do mesmo | 40% | 5% |
| B5.2.2.1. Dá conta con precisión do pensamento de Nietzsche: crítica á metafísica, á moral e á ciencia. A verdade como metáfora | 100% | 25% |
| B5.2.2.2. Dá conta con precisión do pensamento de Nietzsche: a afirmación do superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder | 100% | 25% |
| B5.2.3. Compara a filosofía de Nietzsche con outros autores contemporáneos como Schopenhauer e Marx | 50% | 10% |
| B5.2.4. É capaz de establecer unha valoración ponderada da importancia do pensamento de Nietzsche no pensamento postmoderno | 40% | 5% |

2. METODOLOXÍA E PROCEDEMENTOS.

2.1. ACTIVIDADES DE INICIO (comprensión conceptual previa do alumnado).

Definición de: ser, valor, traxedia grega, Dionisos, Sócrates, Apolo, vida, sacrificio, loita, valor, superación, nihilismo, home, superhome, vontade de poder, eterno retorno.

2.2. ACTIVIDADES DE DESENVOLVEMENTO.

COMENTARIO DE TEXTO FILOSÓFICO (Modelo ABAU)

-Nietzsche, O nacemento da traxedia, 1. (Sobre o Apolíneo e o Dionisíaco).

-Nietzsche, O crepúsculo dos ídolos: a razón na filosofía, 2. (Crítica á metafísica).

-Nietzsche, Fragmentos póstumos 1887-1889. 11 [99] / (351) (Sobre o nihilismo).

-Nietzsche, Xenealoxía da moral, trat.I,10 (Sobre a crítica da moral).

-Nietzsche, A Gaia Ciencia, Libro IV, 341. (Sobre o eterno retorno).

CADROS SINÓPTICOS.

-Cadro sobre o Apolíneo e o Dionisíaco

-Cadro sobre a crítica a metafísica (etapas en torno a historia dun erro)

-Cadro sobre os tipos de nihilismo

-Cadro sobre a inversión da moral (contraposición moral cristiá e moral vitalista)

2.3. ACTIVIDADES DE SÍNTESE.

-Cadro síntese das influencias de Nietzsche nas correntes filosóficas do s. XX.

-Debate en torno ao proxectado: crítica á moral tradicional e a vontade de poder.

2.4. ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN E PROFUNDIZACIÓN A TRAVÉS DE TICS.

1. O nihilismo e a crítica á moral tradicional. 2. A vontade de poder e a transmutación dos valores. 3. A filosofía de Schopenhauer. 4. O apolíneo e o dionisíaco. Tamén existe a posibilidade de que sexa o alumnado o que propoña un tema que poderá realizar se o autoriza o profesor.

3 TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIALIZACIÓN DE CONTIDOS POR SESIÓNS.

Unidade pertencente á 3ª av. a desenvolver no 3º trimestre cun total de 7 sesións.

| 1ª Sesión. | 2ª S. | 3ª S. | 4ª S. | 5ª S. | 6ª S. | 7ª S. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Contexto | Infl. e D-A | Crítica MF/TC | Nihil. E MD | V.P. | E.R. e Sup. | Corren. Vit. |
| Prec. D.I. | Cadro e CT | Cadro e CT | Ca. e CT | CT | Ca. e CT | C.Sin. e Prox/Deb. |

4. TICS. RECURSOS DIDÁCTICOS.

Filme: Nietzsche en Turín. https://youtu.be/oKuLffxTaJM , ww.nietzscheana.com.ar .

**UNIDADE 13. FILOSOFÍA ESPAÑOLA. O RACIOVITALISMO DE ORTEGA & GASSET**

1. RELACIÓN OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS, ESTÁNDARES, COMPETENCIAS, GRAOS DE CONSECUCIÓN E PESO NA AVALIACIÓN

| O. E. | O. U. | CONTIDOS |
|---|---|---|
| C, D, E, H | Coñecer e valorar o pensamento de Ortega & Gasset dentro do seu contexto histórico en relación á filosofía española e ó existencialismo. | B5.6. Filosofía española. Ortega y Gasset: a súa relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, e outras posturas filosóficas. O autor e o seu contexto. |

| C. DE AVALIACIÓN | E. DE APRENDIZAXE E C. CLAVE |
|---|---|
| B5.3. Entender o raciovitalismo de Ortega y | § HFB5.3.1. Utiliza conceptos de Ortega y Gasset e aplícaos con rigor, como obxectivismo, ciencia, europeización, filosofía, mundo, |

| | |
|---|---|
| Gasset en relación con figuras da filosofía española, como Unamuno, e do pensamento europeo, e valorar as influencias que recibe e a repercusión do seu pensamento no desenvolvemento das ideas e a rexeneración social, cultural e política de España. | circunstancia, perspectiva, razón vital, raciovitalismo, vida, categoría, liberdade, idea, crenza, historia, razón histórica, xeración, home-masa e home selecto, entre outros. (CCL)<br>§ HFB5.3.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía e da análise social de Ortega y Gasset, en relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, entre outras. (CCL)<br>§ HFB5.3.3. Respecta o esforzo da filosofía de Ortega y Gasset por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais e culturais da Idade Contemporánea española, e valora o seu compromiso coa defensa da cultura e da democracia. (CSC) |

| INDICADORES DE LOGRO | % MIN. | % AV. |
|---|---|---|
| B5.3.1. Utiliza o léxico propio de Ortega & Gasset con rigor, amosando unha comprensión apropiada do mesmo | 40% | 5% |
| B5.3.2.1. Dá conta con precisión do pensamento de Ortega & Gasset: crítica ao racionalismo e ao vitalismo e defensa do raciovitalismo. A razón vital | 100% | 25% |
| B5.3.2.2. Dá conta con precisión do pensamento de Ortega & Gasset: análise social e histórica. O home-masa. As xeracións. O perspectivismo | 80% | 25% |
| B5.3.2.3. Compara a filosofía de Ortega & Gasset con outros autores contemporáneos como Nietzsche, Unamuno e Zambrano | 50% | 10% |
| B5.3.3.. É capaz de establecer unha valoración ponderada da importancia do pensamento de Ortega & Gasset na escola de Madrid e na filosofía española | 40% | 5% |

2. METODOLOXÍA E PROCEDEMENTOS.

2.1. ACTIVIDADES DE INICIO (comprensión conceptual previa do alumnado).

Definición de: vida, sentimento tráxico, razón, raciovitalismo, cultura, circunstancia, mundo, perspectiva, verdade, xeración, proxecto vital, masa, aglomeración, ética individual, Europa, substancia, intelixencia, poesía, razón poética.

2.2. ACTIVIDADES DE DESENVOLVEMENTO.

COMENTARIO DE TEXTO FILOSÓFICO (Modelo ABAU).

-Unamuno, Do sentimento tráxico da vida, pp. 3, 11, 16, 19, 20. (O pensamento de Unamuno)

-Ortega y Gasset, O tema do noso tempo, en O. C., vol. III. p.177-178 (Razón e vida).

-Ortega y Gasset, cap. X, A doutrina do punto de vista, O tema do noso tempo, (Perspectivismo)

-Ortega y Gasset, Que é filosofía?, O. C., vol. VII., p.209 (Sobre a categoría de circunstancia).

-Zambrano, O Home e o divino, pp.74-82, 183-209. (Sobre a razón poética).

CADROS SINÓPTICOS.

-Cadro sobre similitudes e diferenzas entre Unamuno e Ortega y Gasset

-Cadro sobre as fases e principais elementos do pensamento de Ortega y Gasset.

-Cadro sobre as principais ideas do pensamento de Zambrano e Zubiri.

2.3. ACTIVIDADES DE SÍNTESE.

-Cadro sobre as características e os autores da Escola de Madrid con influencias de Ortega.

-Debate en torno ao home-masa, a submisión do individuo ao colectivo e o perigo dos totalitarismos.

2.4. ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN E PROFUNDIZACIÓN A TRAVÉS DE TICS.

1. O home-masa, os medios de comunicación e a auxe dos totalitarismos. 2. O krausismo. 3. A Institución libre de Ensinanza 4. O Madrid de Ortega e as tertulias da Revista de Occidente. 5. Ortega y Gasset e o republicanismo liberal: a terceira España. 6. Perspectivismo: a mirada da miña xeración. 7. A Escola de Madrid. 8. Filosofía e poesía en Zambrano. Tamén existe a posibilidade de que sexa o alumnado o que propoña un tema que poderá realizar se o autoriza o profesor.

3. TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIALIZACIÓN DE CONTIDOS POR SESIÓNS.

Unidade pertencente á 3ª av. a desenvolver no 3º trimestre cun total de 7 sesións.

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1ª Sesión. | 2ª S. | 3ª S. | 4ª S. | 5ª S. | 6ª S. | 7ª Sesión. |
| Ctx. X. 98 e 14 | Unam. Ort. | Ortega | Ortega | Ort. Zubiri | Zambrano | Car. Au. E. Mad |
| Prec. Deb. In. | C. e C.T. | C. e CT | C. e CT | C. e CT | Ca. e C.T. | Ca. e Prox/Deb |

4. TICS. RECURSOS DIDÁCTICOS.

Filme: A Onda. Vídeo de apoio: Así nacen as ditaduras. Experimento da Onda.

Todos os recursos sobre Ortega e a Escola de Madrid na Web Fundación Ortega y Gasset.

## UNIDADE 14. RAZÓN CRÍTICA E ESCOLA DE FRANKFURT. HABERMAS E O INTERESE DO COÑECEMENTO

1. RELACIÓN OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS, ESTÁNDARES, COMPETENCIAS, GRAOS DE CONSECUCIÓN E PESO NA AVALIACIÓN

| O. E. | O. U. | CONTIDOS |
|---|---|---|
| C, D, E, H | Coñecer e valorar o pensamento de Habermas e da Escola de Frankfurt en contraposición a corrente posmoderna dentro do seu contexto histórico. | B5.7. Filosofía crítica da escola de Frankfurt. A crítica a razón ilustrada e á idea de progreso.<br>B5.8. Racionalidade dialóxica de Habermas: os intereses do coñecemento e a acción comunicativa.<br>B5.9. Contribución de Habermas ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea. |

| C. DE AVALIACIÓN | E. DE APRENDIZAXE E C. CLAVE |
|---|---|
| -B5.4. Coñecer as teses fundamentais da crítica da Escola de Frankfurt, analizando a racionalidade dialóxica de | § HFB5.4.1. Identifica conceptos de Habermas, como coñecemento, interese, consenso, verdade, enunciado, comunicación, desigualdade, ou mundo da vida, e conceptos da filosofía postmoderna, como deconstrución, diferenza, cultura, texto, arte, e comunicación, entre outros, aplicándoos con rigor. (CSC)<br>§ HFB5.4.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías da filosofía de Habermas, distinguindo os intereses |

| | |
|---|---|
| Habermas, relacionándoo coa filosofía crítica da Escola de Frankfurt, e valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea. | do coñecemento e a acción comunicativa, e as teorías fundamentais da postmodernidade, analizando a deconstrución da modernidade desde a multiplicidade da sociedade da comunicación. (CCL)<br>§ HFB5.4.3. Identifica as respostas da filosofía crítica da escola de Frankfurt e reflexiona sobre elas, identificando os problemas da filosofía contemporánea. (CAA)<br>§ HFB5.4.4. Estima o esforzo da filosofía de Habermas e do pensamento postmoderno por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora o seu esforzo na defensa do diálogo racional e o respecto á diferenza. CSC) |

| **INDICADORES DE LOGRO** | **% MIN.** | **% AV.** |
|---|---|---|
| B5.4.1. Utiliza o léxico propio de Habermas con rigor, amosando unha comprensión apropiada do mesmo | 40% | 5% |
| B5.4.2.1. Dá conta con precisión do pensamento de Habermas: a teoría crítica, a teoría da acción comunicativa e a crítica aos postulados posmodernos | 80% | 25% |
| B5.4.2.2. Dá conta con precisión do pensamento de Habermas: a ética dialóxica | 80% | 25% |
| B5.4.3. Compara a filosofía de Habermas con outros autores contemporáneos como Marx, Lyotard e Vattimo | 50% | 10% |
| B5.4.4. É capaz de establecer unha valoración ponderada da importancia do pensamento de Habermas na escola de Frankfurt e na filosofía contemporánea | 40% | 5% |

2. METODOLOXÍA E PROCEDEMENTOS.

2.1. ACTIVIDADES DE INICIO (comprensión conceptual previa do alumnado).

Definición de: coñecemento, interese, consenso, verdade, enunciado, comunicación, desigualdade, mundo da vida, deconstrucción, diferenza, cultura, texto, arte, comunicación.

2.2. ACTIVIDADES DE DESENVOLVEMENTO.

COMENTARIO DE TEXTO FILOSÓFICO (Modelo ABAU)

-Habermas, Coñecemento e interese, Taurus,1986,p.199 (Sobre a noción de interese).

-Habermas, Conciencia moral e acción comunicativa, Península, 1986, p.85 (Sobre a ética discursiva).

CADROS SINÓPTICOS.

-Cadro expositivo sobre a Escola de Frankfurt.

-Cadro expositivo das diferenzas entre postmodernidade e modernidade.

-Cadro expositivo sobre as diferenzas entre a ética kantiana e a ética habermasiana

-Cadro resumo do pensamento de Habermas.

2.3. ACTIVIDADES DE SÍNTESE.

-Cadro sobre as influencias e proxección do pensamento de Habermas.

-Debate sobre o proxectado: a ética discursiva e a necesidade de dar voz as persoas en situacións de desigualdade e inxustiza.

2.4. ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN E PROFUNDIZACIÓN A TRAVÉS DE TICS.

1 A dialéctica negativa de Adorno. 2. A dialéctica do iluminismo de Adorno e Horkheimer. 3. A Teoría Crítica. 4. A crítica de Habermas á postmodernidade. Tamén existe a posibilidade de que sexa o alumnado o que propoña un tema que poderá realizar se así o estima oportuno o profesor.

3. TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIALIZACIÓN DE CONTIDOS POR SESIÓNS.

Unidade pertencente á 3ª av. a desenvolver no 3º trimestre cun total de 7 sesións.

| 1ª Sesión. | 2ª Sesión. | 3ª Sesión. | 4ª Sesión. | 5ª Sesión. | 6ª Sesión. | 7ª Sesión. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Ctx. Carac. | E. Frankfurt | Habermas | Habermas | Habermas | Influencias | Corr. Reperc. |
| Prec. D. I. | Ca. (EF) | Ca. (H) | C.T. | Ca. e C.T. | Cadro | Rep. Mod. |

4. TICS. RECURSOS DIDÁCTICOS.

Filme: Camiño á escola. http://www.cibernous.com , http://didacticafilosofia.blogia.com/

**UNIDADE 15: A POSTMODERNIDADE. O PENSAMENTO DE VATTIMO, LYOTARD E BAUDRILLARD**

1. RELACIÓN OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS, ESTÁNDARES, COMPETENCIAS, GRAOS DE CONSECUCIÓN E PESO NA AVALIACIÓN

| O. E. | O. U. | CONTIDOS |
|---|---|---|
| B, C, D, E, H | Coñecer e valorar o pensamento postmoderno de Vattimo, Lyotard e Baudrillard dentro do seu contexto. | B5.10. Pensamento postmoderno: principais teses dos filósofos postmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexión sobre a súa vixencia actual. |

| C. DE AVALIACIÓN | E. DE APRENDIZAXE E C. CLAVE |
|---|---|
| B.5.5. Coñecer as teses máis definitorias do pensamento postmoderno, identificando as teses fundamentais de Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e valorar criticamente a súa repercusión no pensamento filosófico a partir de finais do s. XX. | § HFB5.4.5. Coñece as teses características do pensamento postmoderno, como a crítica á razón ilustrada, á idea de progreso, ao pensamento totalizador e á trivialización da existencia, o crepúsculo do deber, ou a perda do suxeito fronte á cultura de masas, entre outras. (CSC)<br>§ HFB5.4.6. Explica e argumenta sobre as principais teses dos filósofos postmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexiona sobre a súa vixencia. (CAA, CCL) |

| INDICADORES DE LOGRO | % MIN. | % AV. |
|---|---|---|
| B5.4.5.1. Utiliza o léxico propio dos pensadores postmodernos con rigor, amosando unha comprensión apropiada do mesmo | 40% | 5% |
| B5.4.5.2. Dá conta con precisión do pensamento postmoderno: a crítica á razón ilustrada, á idea de progreso, ao pensamento totalizador e á trivialización da existencia, o crepúsculo do deber, ou a perda do suxeito fronte á cultura de masas | 60% | 15% |
| B5.4.6.1. Dá conta con precisión do pensamento de Vattimo | 60% | 15% |
| B5.4.6.2. Dá conta con precisión do pensamento de Lyotard | 60% | 15% |
| B5.4.6.3. Dá conta con precisión do pensamento de Baudrillard | 60% | 15% |

| | | |
|---|---|---|
| B5.4.6.4. É capaz de establecer unha valoración ponderada da importancia do pensamento postmoderno e reflexiona sobre a súa vixencia | 40% | 5% |

2. METODOLOXÍA E PROCEDEMENTOS.

2.1. ACTIVIDADES DE INICIO (comprensión conceptual previa do alumnado).

Definición de: nihilismo, ideoloxía, progreso, historia, disolución do suxeito, razón instrumental, economía libidinal, hiperrealidade, simulacro, sociedade de consumo, modernidade, postmodernidade.

2.2. ACTIVIDADES DE DESENVOLVEMENTO.

COMENTARIO DE TEXTO FILOSÓFICO (Modelo ABAU)

-Vattimo, O fin da modernidade, p. 27 (Sobre o nihilismo en Heidegger e Nietzsche).

-Lyotard, A condición da postmodernidade (Fin dos grandes relatos).

-Baudrillard, A sociedade de consumo, p. 14 (Sobre a sociedade de consumo).

CADROS SINÓPTICOS.

-Cadro sobre os postulados de Vattimo sobre as bases da postmodernidade.

-Cadro sobre a condición postmoderna (diferenzas entre a modernidade e a postmodernidade)

-Cadro sobre a postura de Baudrillard en torno á sociedade de consumo.

2.3. ACTIVIDADES DE SÍNTESE.

-Cadro sobre as influencias e proxección del pensamento de Vattimo, Lyotard e Baudrillard

-Debate sobre o proxectado: ó fin dos grandes relatos.

2.4. ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN E PROFUNDIZACIÓN A TRAVÉS DE TICS.

1 A condición postmoderna. 2. A sociedade de consumo. 3. O pensamento de Baudrillard. 4. A postmodernidade a través da arte. Tamén existe a posibilidade de que sexa o alumnado o que propoña un tema que poderá realizar se o autoriza o profesor.

3. TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIALIZACIÓN DE CONTIDOS POR SESIÓNS.

Unidade pertencente á 3ª av. a desenvolver no 3º trimestre cun total de 5 sesións.

| 1º S. | 2º S. | 3º S. | 4º S. | 5º S. |
|---|---|---|---|---|

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Ctx. Car. Post. | Vattimo | Lyotard | Baudrillard | Correntes e repercusións |
| Prec. Cadro | Ca. e C.T. | Ca. e C.T. | Ca. e C.T. | Rep. Mod. |

4. TICS. RECURSOS DIDÁCTICOS.

Vídeo: Os Simpson: "triloxía do erro" https://www.simpsonizados.org/simpsons-12x18-trilogia-del-error.html , http://www.filopolis.net , https://definicion.de/posmodernidad/ .

**8. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**

A avaliación é un dos elementos do proceso educativo de maior importancia, e require unha dedicación constante por parte do profesorado. Pódese entender como un proceso continuo de recollida de información e de análise, que nos permite coñecer que aprendizaxe se está conseguindo, que variables inflúen en dito aprendizaxe e cales son os obstáculos e dificultades que afectan negativamente ao aprendizaxe. Polo tanto, podemos dicir que a avaliación implica a emisión dun xuízo de valor que é: comparativo, porque faise con respecto a un referente, que son os criterios de avaliación; corrector, porque faise co fin de mellorar aquilo que foi obxecto da avaliación; e continuo, porque require establecer tres momentos fundamentais no proceso: o inicio, o desenvolvemento e o final. O obxecto da avaliación non é único. Non só hai que avaliar o produto final, é dicir, o aprendizaxe logrado polo alumno ou a alumna ao longo dun período de tempo. Resulta tamén de suma importancia avaliar a influencia de todas as posibles variables que inflúen no rendemento final, como a actitude e o traballo dos alumnos, o proceso de ensinanza que levou a cabo o profesor, os materiais didácticos empregados etc. Tendo presente, así, que por obxecto de aprendizaxe hai que entender todo coñecemento teórico e práctico, así como as competencias básicas que sinálanse para a materia, haberá que empregar diferentes instrumentos e procedementos de avaliación que sexan pertinentes co que quérese avaliar, tanto sobre o produto (aprendizaxe) como sobre o proceso (ensinanza).

**8.1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (AVALIACIÓN ORDINARIA)**

**8.1.1 Instrumentos, procedementos e criterios de avaliación:**

| **PROCEDEMENTOS<br>E<br>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN** | **PONDERACIÓNS** |
|---|---|
| PROBAS ESCRITAS | 60% |
| TRABALLOS INDIVIDUAIS AULA<br>TAREFAS AULA VIRTUAL<br><br>Esquemas<br>Comentarios de texto<br>Disertacións<br>Traballos de investigación | 30% |
| PARTICIPACIÓN ACTIVA AULA<br>Debates Preguntas aula | 10% |

- Probas escritas: Exames e/ou controles tipo probas escritas obxectivas. Modelo ABAU: Comentario de texto, comentario de texto con estándar ou tema e/ou tema ou estándar.

- Traballos individuais aula. Tarefas aula virtual: Exercicios escritos que poden ser comentarios de texto, disertacións filosóficas elaboración de esquemas ou mapas conceptuais, redacción de cuestións filosóficas, etc.
- Participación activa na aula: Intervencións do alumnado na aula ou respostas do alumnado á preguntas plantexadas polo profesor.

A plantilla de procedementos e instrumentos de avaliación subirase á Aula Virtual da materia para que o alumnado poda facer un seguimento puntual das cualificacións obtidas.

Seguindo as liñas metodolóxicas explicitadas para a materia de Historia da Filosofía de 2º de Bacharelato, onde se lle concede ó traballlo colaborativo e cooperativo un valor fundamental no proceso de Ensino-Aprendizaxe da nosa materia, a situación actual provocada polo COVID-19 dificulta o desenvolvemento de dinámicas na aula en grupos de traballo.

O alumnado poderá **subir a nota da avaliación**. Así pois, o alumnado que voluntariamente queira subir as súas cualificacións poderá presentarse ás probas escritas e/ou realizar as actividades complementarias deseñadas para tal fin en función da UD.

### 8.3 AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial consistirá na realización dunha proba ou cuestionario inicial que se fará indistintamente ben ao comezo de cada trimestre ou ben no inicio de cada unidade didáctica do curso. A avaliación inicial ten por obxectivo principal detectar que sabe o alumnado (coñecementos previos) e que competencias ten adquiridas relacionadas coa materia. A avaliación inicial será de utilidade para a avaliación do nivel do grupo-clase e a detección de necesidades e caracterización do proceso de aprendizaxe en conxunto e individualizado que permitan adiantar procesos e adaptación de metodoloxías e recursos segundo necesidades.

### 8.4. EXAMES DE RECUPERACIÓN

Haberá unha proba de recuperación de cada avaliación (trimestral) para o alumnado que teña suspensa a materia (cualificación inferior a 5), proba obrigatoria para o alumnado que teña que recuperar os contidos non superados. O exame seguirá o mesmo modelo que o das avaliacións ordinarias.

### 8.5. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Criterios acordados polo Departamento respecto á proba de recuperación de xuño. Terá unha estrutura e un contido similar aos das probas escritas que se foron realizando ao largo do curso. Polo

tanto, esta proba recollerá os contidos pertencentes a calquera das 15 UD da programación. A nota deste exame será a nota total do alumno (sen contar actividades nin traballos).

## 8.6. AVALIACIÓN DE PENDENTES

Elaborarase un plan de recuperación de pendentes con seguimento individualizado de cada alumno/a con Filosofía I como pendente. O primeiro paso será unha reunión co alumnado con Filosofía 1 pendente do curso anterior ao principio de curso. Nesa reunión explicaráselle o plan a seguir. En concreto: seguimento; o horario de atención ao alumnado con pendentes; os criterios e instrumentos de avaliación; a forma do exame; a posibilidade de coordinación con outras materias pendentes; o calendario de pendentes oficial. Realizarase unha primeira sesión de seguimento con resolución de dúbidas en setembro. Haberá tres parciais: un para cada un dos tres trimestres. Así como un exame final en maio no caso non superar a materia trimestralmente. Finalmente, un exame extraordinario en xuño cuxa data será fixada pola dirección do centro. A forma do exame vai ser a mesma que a dos exames ordinarios.

## 8.7. AVALIACIÓN DO PROCESO E DA PRÁCTICA DOCENTE E DA PROGRAMACIÓN

Esta avaliación ten como obxectivo fundamental subraiar o papel activo do alumnado na avaliación e avance da calidade na ensinanza. Implementa algúns dos máis relevantes elementos de trazabilidade do proceso docente e permite acceder ao profesor a unha información real, permanente e actualizada dos éxitos e fracasos na súa labor. A secuencialización debe ser trimestral coincidindo con cada unha das avaliacións.

**AVALIACIÓN E REFORMA DA PROGRAMACIÓN. FASES**.

O proceso de revisión e avaliación da presente programación presenta tres fases:

1. FASE. A celebrar no mes de novembro (sempre antes da última semana). Previsión de posibles modificacións nas dinámicas de clase que poidan supoñer a incorporación ou modificación de novos elementos ou recursos metodolóxicos, didácticos etc e a súa incidencia sobre os criterios de cualificación. Tales propostas, recordemos, deben ser recollidas igualmente nas actas das reunións departamentais.

2. FASE. Finais de febreiro. Seguimento especial do cumprimento da temporalización e secuencialización, grao de cumprimento, análise de dificultades, proposta de avances, competencias conseguidas, informe do aproveitamento e avaliación sobre adecuación aos contidos mínimos.

3. FASE. Finais de xuño. Semana da elaboración da memoria do departamento. Análise final dos apartados da programación e proposta de modificación, previsións e contidos do informe final.

**MODELOS DE AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE**.

| **INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO** | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado | | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflicto cognitivo que favoreceu a aprendizaxe | | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado | | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado | | | | | |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado | | | | | |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado | | | | | |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con Atención á diversidade | | | | | |
| 8. Atendeuse adecudamente á diversidade do alumnado. | | | | | |
| 9. Usáronse distintos instrumentos de avaliación | | | | | |
| 10. Dáse un peso real á observación do traballo na aula | | | | | |
| 11. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo | | | | | |

| **INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE** | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado | | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa | | | | | |

3. Elabórense actividades atendendo á diversidade

4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidade do alumnado con NEAE

5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar

6. Combínanse o traballo individual e en equipo

7. Poténcianse estratexias de animación á lectura

8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita

9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe

10. Préstase atención aos elementos transverais vinculados a cada estandar

11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos etc

12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos etc

13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros

14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación

15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas

16. As medidas de apoio, reforzo etc están claramente vinculadas aos estándares

17. Avalíase eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...

**MODELA DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

| INDICADORES DE LOGRO DA PROGRAMACIÓN | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo | | | | | |

2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas

3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas

4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades

5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar

6. Asignación a cada estándar do peso do peso correspondente na cualificación

7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación

8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver

9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento

10. Adecuación da secuencia de traballo na aula

11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados

12. Adecuación do libro de texto

13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba

14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares

15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos

16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos de investigación e actividades

17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación

18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final

19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria

20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes

21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes

22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar

23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación etc vinculados aos estándares

24. Adecuación das medidas específicas ao alumnado con NEAE

25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolas previstas

26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familas sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos

27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción

28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso

29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro

30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia

Observacións:

## 9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E MEDIDAS A IMPLEMENTAR

A consecución dos contidos e as destrezas implican en toda Programación Didáctica de Aula un especial seguimento da atención á diversidade. Tal como se recolle no Artigo 7 do DECRETO 86/2015 para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades

específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado. Estas medidas terán que garantir que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo polos principios de normalización e inclusión e a intervención educativa precisa derivada desa valoración. En base a esta esixencia realizamos a seguinte concreción metodolóxica de atención á diversidade en HF no nivel de 2º de BAC. para empregar no caso de ter alumnado con TDAH ou Asperger na nosa aula.

**CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS PARA CASOS DE TDAH (HISTORIA DA FILOSOFÍA)**

ESPACIAL. 1) Alternancia de actividades teóricas e prácticas. 2) Deixar espazo suficiente entre cada tarefa e dentro dunha tarefa entre cuestións

TAREFAS. 1) Antes de comezar. Explicacións breves, claras e precisas dos obxectivos e ferramentas. 2) Estratexias de entonación e xesticulación (profesorado). 3) Segmentación dos textos filosóficos (Máximo 5 liñas). Sempre a liña en espazo dobre. Separación entre conceptos e suliñado. Nunca unha exposición textual a doble columna. 4) Supervisión frecuente na comprensión conceptual con reforzos positivos. 5) Explicación individual e seguimento preciso nos Textos filosóficos e Traballos de Investigación. 6) Recondución positiva de posibles distracións e reforzos e apoios visuais nas explicacións. 7) Non sobrecarga de tarefas para a casa. 8) Flexibilización de tempos evitando rupturas espaciales significativas na realización.

PROBAS ESCRITAS. 1) Utilización de diferentes formas e instrumentos. Posibilidade de exames orais. No caso de escritos adaptación con cuestións curtas, pechadas e de duración flexible. Especial importancia da actividade dos cadros. Pedir revisión dos exames antes de entregalo. 2) En casos é aconsellable exame en folio A3 que permita unha mellor segmentación dos textos

SEGUIMENTO. 1) Familia (comunicación co docente), Titoría e docente de HF. 2) Seguimento continuo da materia. Aconsellable soportes de aula virtual de interacción alumnado-profesor. 3) Seguimento na comprensión e realización nas tarefas de clase.

GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS. 1) Relevancia da proba escrita ou oral da avaliación inicial (aconsellable sempre na primeira semana de clase) Avaliación precisa para decisión e ordeación das actuacións. Comunicación ao Departamento propio e Orientación para traslado da observación á titoría (coordinación profesorado docente do grupo). 2) Seguimento preciso individualizado con informe sobre dificultade na consecución de obxectivos. 3) Apreciase madureza e posibilidades de acadar ou fai falla novas medidas. 4) Avaliación precisa de dificultades segmentadas na comprensión, argumentación, na escrita ou oral, afectación do ruído interno e externo da aula, do movemento na aula, do movemento do docente e compañeiros, etc.

**CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS PARA CASOS DE ASPERGER (H. DA FILOSOFÍA)**

ESPACIAL. 1) Debido a que se caracterizan pola sensibilidades sensoriais (ao son, ao tacto, a luz...) tratarase de asegurar que os niveis normais de estimulación visual ou auditiva non sexan percibidos polo estudante como escasos ou excesivos. Procurarase evitar certos ruídos (chamadas, alarmas). 2) Deixaráselle escoitar música de fondo ou tapóns en casos extremos. 3) Debido a que se caracterizan pola insistencia nas rutinas procurarase ofrecer unha rutina diaria constante e evitar as sorpresas, anticipando con antelación calquera novidade.

TAREFAS. 1) Debido a que se caracterizan por unha escasa concentración e tenden a distraerse, é importante proporcionarlles unha exhaustiva regulamentación da estrutura externa. 2) As tarefas deben ser divididas en unidades pequenas, e debe ofrecérselle unha axuda e unha reorientación constante por parte do profesor. 3) Sentar a persoa con Asperger na primeira fila da clase e facerlle preguntas a miúdo pode axudarlle a manter a atención na lección que se estea impartindo. 4) No caso de empregar o “sistema amigo” que a persoa que se encargada dela se ocupe de recordar a nena con Asperger que siga coa tarefa ou escoite a lección.

PROBAS  ESCRITAS. 1) As alumnas con asperger responden mellor a probas: tipo test (Verdadeiro / Falso, elixir unha opción entre A, B,..); aquelas en que hai un apoio visual; Aquelas en que hai que subliñar ou rodear unha opción; unir con frechas pregunta – resposta.. 2) Dada a súa dificultade para entender instrucións complexas que se suceden no tempo, hai que darlles as instrucións moi claras, con frases curtas, familiares, e ir paso a paso, descompoñendo "o problema" ou a cuestión a resolver.

SEGUIMENTO. 1) Debido a que se caracterizan polas dificultades de organización e planificación debemos favorecer o uso da axenda para organizar e planificar as tarefas, pero esta deberá ter unha estrutura visual na que se distingan os seguintes apartados: a)Materia; b) Que hai que facer?; c) Cando hai que entregalo?; d) Está feito. É necesaria a supervisión tanto do profesor coma dos pais para que a alumna aprenda a usar a axenda. O profesor dedicará un tempo cada día para que a alumna anote as tarefas na axenda. É importante que ela e os pais teñan acceso ás datas de exames con suficiente antelación, o contido que se debe preparar,  etc. para planificar os tempos de estudo e a supervisión familiar. 2) Debido a que as persoas con síndrome de asperger teñen unhas necesidades especiais e poden ter problemas de conduta é importante que se leve a cabo unha especial coordinación co seu titor ou titora (e a través deste coa familia e a os servizos de orientación) en torno ao seu comportamento e necesidades na aula.

GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS. 1) Debido a que se caracterizan pola baixa tolerancia á frustración ofreceránselle todas as axudas necesarias para garantir o éxito na tarefa e ir esvaecendo pouco a pouco as axudas ofrecidas. 2) Relevancia da proba da avaliación inicial . Comunicación ao Departamento propio e Orientación para traslado da observación á titoría. Seguimento individualizado con informe sobre dificultades na consecución de obxectivos.

## CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS A IMPLEMENTAR EN CADA UNIDADE (HF)

[Segmentación dos textos e simplificación das tarefas en todos os casos]

Unidade 1. Manexo de ilustracións contextuais sobre Grecia. Cadro ilustrativo sobre os presocráticos. Emprego intenso das ilustracións para explicar cada un dos mitos de Platón.

Unidade 2. Traballo expositivo de Aristóteles simplificado con referencias precisas.

Unidade 3. Ilustracións sobre o helenismo, as distintas escolas e os avances da ciencia.

Unidade 4. Simplificación das relacións razón e fe, e das dif. Agostiño – Tomé.

Unidade 5. Simplificación da Teoría nominalista. De especial dificultade para TDAH.

Unidade 6 (B .e M.). Explicación engarzada nos coñecementos adquiridos en Historia e Lengua.

Unidade 7 (Descartes).Emprego de gráficos para a explicación do método e a tª dos vórtices.

Unidade 8. Traballar con concreción o problema da causalidade e o inductivismo en Hume.

Unidade 9 (Rousseau). Gráficos coas diferenzas entre estado de natureza e estado social.

Unidade 10 (Kant). Simplificación da ética formal e da teoría do coñecemento.

Unidade 11. Énfase no contexto. Esquematización das principais ideas de Marx.

Unidade 12 (Nietzsche). Ilustracións sobre o paso do camelo ao neno.

Unidade 13. Simplificación e concreción das principais ideas de Ortega e das súas influencias.

Unidade 14 (Hab.) Potenciar o traballo por obxectivos en cada unha das propostas do autor.

Unidade 15 (Posm) Nesta unidade que coincidente en etapa de exames da 3ª avaliación, resulta de especial valía a concreción e exemplificación precisa dos distintos conceptos destes autores, que traballaremos tratando sempre de facelos concluír no concepto de postmodernidade.

## 10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Os estudantes participarán das actividades complementarias e extraescolares que o departamento considere convenientes para o alumnado, e que se trasladarán a dirección e ao consello escolar para a súa aprobación.

## 11. MEDIDAS PARA A DINAMIZACIÓN DA AULA E DO CENTRO

A materia HF incentiva o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente por escrito de dúas maneiras: 1. A través da lectura e resumo de diversos textos filosóficos en e fóra da aula. 2.

A través dos traballos de investigación que levarán ao alumnado ao uso de libros e páxinas web e a elaborar os seus propios textos. A materia incentiva a capacidade de expresarse correctamente en público de dúas maneiras: 1. A través da realización de debates en relación cos contidos tratados. 2. Ao motivar ao alumnado a participar nas Olimpíada de Filosofía de Galicia.

**DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

Dinamización Lingüística nun esforzo continuo de achegar en tódalas actividades e impartición dos contidos e traballo dos textos na nosa lingua galega e, sobre todo, a promoción e estudo da nosa cultura e imaxinario colectivo como un símbolo de identidade en cada un dos obxectivos tanto de etapa como propios da materia. Deste xeito, entendemos que a potenciación da nosa cultura en sentido amplo, do cal a lingua é un elemento destacable, debe ser un eixo enriquecedor fundamental da contribución da materia ao currículo

**DINAMIZACIÓN DO PLAN LECTOR**

Promoción da lectura dentro do Plan lector da Biblioteca, en base a dúas actuacións. Incorporar o tema proposto para cada curso no currículo desta materia e a súa relación competencial e de contidos relacionais a través dos comentarios de texto filosóficos e dos traballos de investigación; o traballo activo en tódalas actividades programadas dende a biblioteca.

**DINAMIZACIÓN TICS**

Dinamización TICs coa realización dos traballos de investigación, os cales demandan a busca e selección da información, e por outra banda a través da posibilidade de subilos a aula virtual da materia servindo como materiais de apoio.

**DINAMIZACIÓN DA CONVIVENCIA**

A solución do conflito mediante o diálogo aberto nun contexto continuo de educación emocional como un imperativo da nosa formación como docentes adquire aquí unha especial relevancia, máis se temos en conta como se traballaron estas cuestións en VE ao longo de toda a ESO. Sócrates, Platón, Habermas, entre outros, centraron o seu proxecto de filosofía na procura de achegar actitudes de convivencia. Este mesmo concepto achéganos a un protagonismo nos centros do que non debemos renunciar. O/a docente de Filosofía debe estar presente e activa no equipo de dinamización da

convivencia do centro enriquecendo este eido con propostas como o diálogo e a mediación e titoría entre iguais (TEI), como solución pacífica de conflitos, entre outras medidas.

enormemente restritivo para este tipo de pedagoxías que demandan a intervención activa do alumnado.